

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, O CONCELLO DE LUGO E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. PARA A CELEBRACIÓN DA XXIV EDICIÓN DO ARDE LUCUS

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

#### **DECLARA:**

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración para o apoio á celebración do Arde Lucus.

O apoio deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos



devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

**Segundo.-** O apoio ás festas de interese turístico, é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para ou desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

**Terceiro.-** O Concello ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración do Arde Lucus

O Arde Lucus é unha festa de recreación histórica que naceu no ano 2000 para conmemorar o pasado romano e castrexo da cidade de Lugo, despois de que a declaración da Muralla como Patrimonio da Humanidade no ano 2000 revelara á cidadanía a importancia do noso pasado e da súa riqueza, e da necesidade de protexela e poñela en valor para as xeracións futuras. Esta festa foi declarada de **Interese Turístico Internacional** no ano 2023.

O Arde Lucus é variable no mes de xuño, habitualmente entre a segunda e a cuarta semana do mes, ao redor do solsticio de verán. Este ano celebrarase do 13 ao 16 de xuño. Arde Lucus comezou a súa andaina ligado ao solsticio de verán e cun obxectivo primordial: rememorar a fundación da cidade de Lugo recreando o seu pasado romano, conxugando os aspectos lúdicos e culturais coa maior rigorosidade histórica posible. Todas as actividades realízanse coa supervisión previa e o visto bo do Servizo de Arqueoloxía do concello de Lugo.

O casco histórico amurallado transfórmase cada ano en Lucus Augusti, destacada urbe da Gallaecia romana. Lucus Augusti, xunto con Asturica (Astorga) e Bracara (Braga), foi unha das capitais pertencentes ao conxunto xurídico romano da provincia de Gallaecia e que se estendía ata o río Douro. Todo o patrimonio romano de Lugo está vinculado dalgún modo ao Arde Lucus.



A festa ofrece aos que a visitan un completo programa de actividades nun marco incomparable como é a cidade de Lugo e, especialmente, a súa Muralla, que cobra eses días especial protagonismo.

A festa xira arredor de catro eixes moi ben definidos:

- 1.- Entrada das tropas romanas dende a Vía XIX pola ponte romana o mando do xeral Caio Antistio e declaración de guerra.
- 2.- Gran assemblea galaica e reunión do foro
- 3.- Desfile de tropas romanas y de tribus castrexas pola Ronda da Muralla, e na que participan asociacións de reconstrucción histórica no só da cidade, tamén doutras provincias de España e de Europa.
- 4.- Nacemento dun pobo: galaico-romano e firma da paz

A apertura e peche das portas da cidade, custodiadas polos cambios de garda pretoriana, así como os desfiles ao redor da Muralla, Patrimonio da Humanidade, poñen de manifesto a orixe e o carácter romano de Lugo.

Sen embargo, un punto clave para a festa é, ademais da integración e conxugación dos elementos da cidade romana, a implicación das súas xentes, dos axentes sociais, colexios, asociacións, clubs deportivos, etc. Xa sexa con roupas romanas ou castrexas, toman as rúas durante toda a fin de semana, participando activamente no espírito da festa.

Sen embargo, un punto clave para a festa é, ademais da integración e conxugación dos elementos da cidade romana, a implicación das súas xentes, dos axentes sociais, colexios, asociacións, clubs deportivos, etc. Xa sexa con roupas romanas ou castrexas, toman as rúas durante toda a fin de semana, participando activamente no espírito da festa.

Dentro dos actos e ubicacións que se realizan cada ano e como fin de recrear a vida cotiá de romanos/as e castrexos/as están :

-Macellum ou mercado onde se poden adquirir produtos traídos de cidades lonxanas e conta cun programa propio, no que se pode asistir a espectáculos de malabares, marionetas, percusión, teatro, maxia ou venta de escravos.



-A castra é unha recreación de asentamentos castrexos, e nos que se poderá gozar de exposicións de armas, de agromensura, réplicas de castros, xogos infantís, desfiles, talleres de coiro, cestería, loita de gladiadores, etc.

-Campamentos romanos o longo da cidade onde a recreación dun lexionario pódese observar e vivir: exposicións de cascos, lóricas, desfiles, etc.

-O Circo é o espectáculo por antonomasia da Roma Clásica, o Circo do Arde Lucus ocupa un lugar moi destacado dentro das numerosas actividades do programa. Un equipo de especialistas en reconstrucións históricas e profesionais de dobraxe en escenas de risco trasládanos á época dos gladiadores.

-O teatro cas representacións teatrais de obras clásicas constitúen unha das actividades que se desenvolven en todas as edicións da festa. No casco urbano moitos son os lugares adicados a este tipo de representacións, atopándonos así en cada recuncho distintas variedade de obras.

-As animacións de rúa , personaxes que regresan de tempos pasados, faunos, minotauros ou seres do inframundo percorren a cidade durante os días que dura a festa.

- Desfiles de tropas romanas, castrexas ou de carácter máis lúdico para a noite para que a xente interactúe e se converta en protagonista unha vez máis.

- Os gladiadores é outro dos grandes espectáculos do Arde Lucus, representación das violentas e mortais loitas dos gladiadores da Antiga Roma para achegarnos ás distintas clases de combates, partes dos mesmos etc.

- As vodas e bautizos romanas e castrexas ,tódalas persoas que se achegan a Lucus Augusti nestes días poden pasar polo rito celta do bautismo ou as parellas compartir a celebración dunha voda castrexa. Sen dúbida, esta é unha das actividades máis participativas do Arde Lucus, xa que o público convértese no verdadeiro protagonista da historia.

- Os máis pequenos contan cun programa específico no Arde Lucus: MIUDO ARDE. Este programa está integrado por talleres de arte, maquillaxe romano e castrexo,



contacontos e lendas mitolóxicas, recreacións de batallas e da vida de soldados, musicais, teatro infantil, marionetas, etc.

Completando a programación deste ano iníciase o proxecto da **Palestra**. A Palestra é o lugar público destinado á enseñanza e á práctica do exercicio físico e outros deportes, un ximnasio o aire libre que ademais era un punto de encontro para pensadores e filósofos. Os atletas entrenaban para competir nas Olimpíadas celebradas en honor ós ídolos. Deportes como o boxeo, harpastum, lanzamentos, saltos, pancraccio, etc. Realizarase unha recreación de xogos olímpicos que implicarán a diferentes disciplinas deportivas: loita,danza,atletismo...

**Cuarto.-** O apoio, promoción e difusión deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

**Quinto.-** Que ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

**Sexto.-** Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Lugo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos



puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

